



ELEFANTES

Os elefantes son os animais terrestres más grandes. Hai adultos de 3,5 metros de altura e 7 toneladas de peso. Viven en manadas de 10 a 50 individuos, nas praderías e nos bosques e camiñan en silencio en ringleira de un. Avanzan a uns 10 km por hora. Son vexetarianos, aliméntanse de herba, de froitas e das polas e follas de árbores. Necesitan diariamente uns 270 kg de comida.



Hai 2 clases de elefantes, os africanos e os asiáticos.




O elefante africano é más grande que o asiático e ten as orellas e os colmillos más longos. O africano ten o lombo plano e o asiático teno curvado. Tamén se diferencian na forma da fronte, a do africano é más plana que a do asiático. Ambos están en perigo de extinción áinda que os elefantes africanos moito más.

Ós elefantes asiáticos chámanselle tamén elefantes indios, son adestrados para traballar, poden levantar grandes pesos coas súas trompas.

As crías do elefante permanecen case 2 anos na barriga da nai. Cando nacen son protexidos por tódalas femias da manada. Están coa nai ata que teñen cerca de 10 anos.

O elefante ten 2 longos dentes diante, as femias téñenos más curtos que o macho e as femias dos elefantes asiáticos non teñen colmillos. Téñense cazado moitos elefantes para obter o marfil dos seus dentes. O marfil utilizábase en xoias, teclas de piano e outras cousas.



Teñen unhas grandes orellas que lles sirven para abanicarse e unha trompa duns 2 metros formada por máis de 50.000 músculos.



Ós elefantes encántalles bañarse, collen a auga coa trompa e bótana por encima coma

se fora unha ducha. Usan a trompa, ademais de para bañarse, para saudarse, para coller a comida e levala á boca, para agarrar ó inimigo durante unha pelexa, para ulir, para beber... para beber collen a auga coa trompa e lánzana á boca, poden beber ata 200 litros de auga nun só día. Viaxan moitos kilómetros buscando auga e comida.

O seu parente máis próximo é o demán das estepas que mide uns 30 cm. Vive en Oriente Medio e África.

Records dos elefantes:

O más grande nunca visto media 3,80 metros de altura.

O colmillo pesou 102,7 kilos.

O elefante más pequeno é o do bosque, só alcanza 2 metros de altura.

COMPRENSIÓN

1. Elixe a resposta correcta:

O elefante africano é

- Mais pequeno que o asiático
- Mais grande que o asiático
- De igual tamaño que o asiático

Os elefantes asiáticos

- Teñen o lombo plano
- Teñen as orellas pequenas
- Adéstranos para traballar

Os elefantes

- Viven en manadas de 30 individuos
- Avanzan en ringleira
- Necesitan uns 170 kg de comida cada día

2. Contesta:

¿Para que usan a trompa os elefantes?

¿Canto mide o elefante más grande que se coñece?

¿Cal é o parente máis próximo do elefante?

¿Canto pode beber un elefante?

¿Por qué lle interesan os cazadores os elefantes?

¿Canto mide o elefante más pequeno?

ACTIVIDADES

1. Escribe a frase contraria:

O elefante é o animal más grande que existe.

Os elefantes gústalles moito a auga.

As femias teñen os dentes más curtos que os machos.

2. Escribe correctamente estas frases:

Paraducharsecollenaaugacoatrompaebótan
aporen cima.

Oselefantesestánenperigodeextinción.

Oelefanteafricanoémáisgrandequeoasiático

3. Escribe tres frases nas que en cada unha, entren dúas das seguintes palabras:

vexetariano ringleira trompa marfil

4. Busca e rodea nas seguintes listas de palabras as que non pertencen a esa lista e di por que non pertencen:

► Herba, rama, elefante, folla, froita.

► Colmillos, orellas, cornos, patas, trompa.

5. Escribe frases que digan o mesmo que as seguintes pero cambiando algunas palabras. Cantas más palabras cambies, mellor.

Ós elefantes encántalles bañarse, collen a auga coa trompa e bótana por encima coma se fora unha ducha.

Os elefantes para beber collen a auga coa trompa e lánzana á boca, poden beber ata 200 litros de auga nun só día.

Vian moitos kilómetros buscando auga e comida.

6. Adiviña o que din estas frases:

Ose elefantes son os animais terrestres máis grandes

O elefante africano é máis grande que o asiático e ten as orellas e os colmillos máis longos



As crías do elefante nromanren case 2 anos na barriga da nai

Táñense cazado moitos elefantes para obter o marfil dos seus dentes

7. Rodea a palabra que se repite nas tres columnas.

8.

elefante	trompa	vexetariano
manada	asiático	orellas
cría	africano	colmillos
vexetariano	elefante	asiático
africano	colmillos	trompa
froita	orellas	manada
asiático	cría	froita

atopar 8 diferencias entre estos doux alefantes.

9. Escribe un conto que remate así.

..... E así foi como gracias ó meu amigo o elefante puiden saír ben parado/a de aquela aventura na que me metera.

Despedinme del con unha aperta e prometinlle que volvería a visitalo en canto puidera. Non habería problema para atopalo. Pois como recordaredes, el explicárame como facelo e gracias a eso, puidera saír con ben anteriormente. Fin